

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que denominación se lle outorga ao órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á súa mellora?

- A) Instituto Nacional de Seguridade e Prevención no Traballo.
- B) Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) Instituto Nacional de Saúde e Hixiene no Traballo.

2. Sinale o enunciado correcto:

- A) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza empresarial, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo de natureza administrativa, sen personalidade xurídica propia e con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- D) O Servizo Galego de Saúde é unha axencia pública de natureza administrativa, sen personalidade xurídica propia e con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

3. Indique a afirmación correcta en relación coas retribucións básicas:

- A) Forma parte das retribucións básicas o soldo asignado a cada profesional en particular en función da competencia exixida para o seu desempeño.
- B) Considéranse retribucións básicas os trienios, que consisten nunha cantidade determinada para cada categoría, por cada tres anos de servizos.
- C) As pagas extraordinarias serán dúas ao ano e devindicaranse preferentemente nos meses de xullo e decembro.
- D) Todas as afirmacións son correctas.

4. De conformidade co artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) A lingua propia de Galicia é o galego.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
- C) A lingua propia de Galicia é o castelán.
- D) Ningunha das afirmacións anteriores é correcta.

5. O Sistema público de saúde de Galicia ordéase territorialmente en:

- A) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- B) Estruturas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- C) Estruturas sanitarias, áreas sanitarias e distritos sanitarios.
- D) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e consellos asesores.

6. De acordo co que dispón o Estatuto de Autonomía de Galicia, para as eleccións ao Parlamento galego a circunscrición electoral será, en todo caso:

- A) A comarca.
- B) O territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) A provincia.
- D) O municipio.

7. De acordo co artigo 68 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen poderá elaborar o plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde?

- A) O Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde.
- B) O Comité Executivo do Servizo Galego de Saúde.
- C) A Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- D) A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

8. Indique cal dos seguintes non é un dereito das persoas usuarias dos servizos do sistema sanitario público:

- A) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos. Nun ou outro caso deberá recibir resposta por escrito nos prazos que regulamentariamente se establezan.
- C) Cumprir as precricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.
- D) A que se lle asigne un médico, cuxo nome se lle dará a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial. En caso de ausencia, outro facultativo do equipo asumirá tal responsabilidade.

9. Sinale a afirmación correcta:

- A) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- B) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- C) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un dereito do médico.
- D) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente e a súa obtención un dereito do médico.

10. De acordo co artigo 1.1 da Constitución, España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico:

- A) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- B) A liberdade, a fraternidade, a igualdade e o pluralismo político.
- C) A fraternidade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- D) A liberdade, a concordia, a igualdade e o partidismo político.

1. Segundo o artigo 149 da Constitución, quen ten a competencia sobre a materia de sanidade exterior?

- A) Téñena as Comunidades Autónomas, sempre que a contemplan nos seus estatutos de autonomía.
- B) O Estado e as Comunidades Autónomas exércena de forma conxunta.
- C) A lexislación básica sobre esta materia corresponde ás Comunidades Autónomas.
- D) O Estado ten a competencia exclusiva sobre esta materia.

2. Sinale o enunciado correcto. Aos efectos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cal das seguintes non se considera unha forma de violencia de xénero?

- A) Violencia física.
- B) Violencia económica.
- C) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- D) Todas as respostas son formas de violencia de xénero.